



Facultade de Xeografía e Historia

Traballo de
fin de grao

Vidas en suspense: o internamento dos
xaponeses americanos na IIGM

Autor: Alex Neira Luaces

Titor: Miguel Cabo Villaverde

Departamento de Historia
Contemporánea

Grao en Historia

Curso 2023/2024

Traballo de Fin de Grao presentado na facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de
Compostela para a obtención do Grao en Historia

Resumo

O ataque xaponés a Pearl Harbor e a consecuente entrada dos Estados Unidos na II Guerra Mundial motivou unha evacuación masiva dos xaponeses americanos que residían nos estados da costa pacífica. Desta forma, todos os individuos de orixe xaponesa, aínda que naceran nos Estados Unidos, víronse obrigados a deixar atrás as súas pertenzas e fogares polo mero feito da súa ascendencia racial. Ata 120.000 xaponeses americanos foron trasladados a campos de concentración a comezos de 1942, manténdose recluídos a gran maioría ata o fin da guerra e, nalgúns casos, incluso tempo despois. Por medio do seguinte traballo analizarase por que e en que condicións tivo lugar o encarceramento masivo considerando a toma de decisións por parte do goberno e o papel que desempeñou a sociedade estadounidense, as experiencias persoais dos propios internos a través dos seus diarios e memorias, e a posterior reinserción dos damnificados e rectificación do goberno pola inxustiza cometida.

Palabras chave: Estados Unidos, II Guerra Mundial, xaponeses americanos, campos de concentración, discriminación racial

Resumen

El ataque japonés a Pearl Harbor y la consecuente entrada de Estados Unidos en la II Guerra Mundial motivaron una evacuación masiva de los japoneses americanos que residían en los estados de la costa pacífica. De esta forma, todos los individuos de origen japonés, aunque hubieran nacido en Estados Unidos, se vieron obligados a dejar atrás sus pertenencias y hogares por el mero hecho de su ascendencia racial. Hasta 120.000 japoneses americanos fueron trasladados a campos de concentración a comienzos de 1942, manteniéndose recluidos la gran mayoría hasta el fin de la guerra y, en algunos casos, incluso tiempo después. A través del siguiente trabajo se analizará por qué y en qué condiciones tuvo lugar el encarcelamiento masivo, considerando la toma de decisiones por parte del gobierno y el papel que desempeñó la sociedad estadounidense, las experiencias personales de los propios internos a través de sus diarios y memorias, y

la posterior reinscripción de los damnificados y la rectificación del gobierno por la injusticia cometida.

Palabras clave: Estados Unidos, II Guerra Mundial, japoneses americanos, campos de concentración, discriminación racial

Abstract

The Japanese attack on Pearl Harbor and the subsequent entry of the United States into World War II prompted a mass evacuation of Japanese Americans residing in the Pacific coast states. Consequently, all individuals of Japanese origin, even if they were born in the United States, were forced to leave behind their belongings and homes solely due to their racial ancestry. Up to 120,000 Japanese Americans were relocated to concentration camps at the beginning of 1942, with the vast majority remaining confined until the end of the war and, in some cases, even longer. This work will analyze why and under what conditions this mass incarceration took place, considering the decision-making by the government and the role played by American society, the personal experiences of the internees through their diaries and memoirs, and the subsequent resettlement of the victims and the government's rectification for the injustice committed.

Key words: United States, II World War, japanese americans, concentration camps, racial discrimination

ÍNDICE

Introdución	1
1. Orde de evacuación	2
1.1 Proceso de internamento.....	4
1.2 Opinión pública	6
2. Campos de concentración.....	8
2.1 Segregación	10
2.2 O internamento a través das experiencias persoais	11
2.2.1 Miné Okubo.....	11
2.2.2 Yoshiko Uchida.....	13
2.2.3 Yamato Ichichashi	16
2.2.4 Yoshiaki Fukuda.....	18
2.2.5 Iwao e Hanaye Matsushita.....	20
2.2.6 Hatsuye Egami.....	21
2.3 Prensa	23
2.4 Manifestacións artísticas	24
2.5 Peche e saída dos campos.....	26
3. Vida posterior	28
3.1 Xuízos.....	29
3.1.1 Gordon Hirabayashi.....	30
3.1.2 Fred Korematsu	32
3.2 Compensacións: Civil Liberties Act de 1988	33
Conclusión.....	36
Apéndice.....	39

Introdución

A II Guerra Mundial é un período que recibiu un amplo estudo historiográfico e polo tanto, un acontecemento do que hai un coñecemento destacado. Porén, non todos os aspectos recibiron a mesma atención como é o caso do internamento dos xaponeses americanos nos Estados Unidos. Se ben é certo que o internamento dos xudeus baixo o réxime nazi é coñecido pola gran maioría da poboación, o caso xaponés non o é tanto. De todas formas, aínda que a reclusión masiva tivo gran repercusión entre a comunidade xaponesa americana, as consecuencias non foron tan graves como as do Holocausto. O descoñecemento sobre a cuestión é, polo tanto, unha das razóns que motivaron a elección do tema.

Este descoñecemento do que falamos refléxase na escasísima bibliografía en español que hai sobre o tema. Para a realización do traballo utilizáronse na súa totalidade materiais con orixe estadounidense, poñendo foco nos diarios e memorias persoais dos afectados que permiten unha visión directa e persoal do acontecido dentro dos campos de concentración. Algúns dos autores máis destacados son Roger Daniels, experto en estudos asiático-americanos; Greg Robinson, un dos maiores especialistas do século XXI e Peter Irons, experto en asuntos xudiciais que tomou parte na reapertura dos casos xudiciais nos anos 80. Tamén cabe mencionar a gran cantidade de autores xaponeses americanos citados que responde a produción historiográfica que tivo lugar a partir do proceso de memoria a finais dos anos 70.

A través da análise do contexto sociopolítico dos Estados Unidos tratarase de comprender nas seguintes páxinas os motivos que levaron aos dirixentes do país a vulnerar os dereitos humanos dunha comunidade de 120.000 individuos formada por inmigrantes de primeira xeración, os issei, e os seus fillos xa nados nos Estados Unidos, os nisei. Terase en conta as circunstancias mediante as que tivo lugar o proceso de encarceramento, a resposta e opinión pública do conxunto da sociedade ante a inxustiza acontecida, as condicións nas que os xaponeses americanos vivían nos campos de concentración e a reacción das vítimas ante a experiencia. O último apartado dedicarase a examinar as dificultades que sufriron os xaponeses durante o reasentamento, a vía legal que varios individuos optaron

por seguir ante unhas ordes que consideraban inconstitucionais e o proceso que permitiu a compensación por parte do goberno mediante a aprobación dunha lei en 1988.

1. Orde de evacuación

Apenas horas despois do ataque nipón a base estadounidense de Pearl Harbor, o FBI comezou a arrestar xaponeses, tamén italianos e alemáns, na costa oeste e Hawaii, seguindo neste primeiro momento criterios de importancia dentro da comunidade. É dicir, os 1.300 xaponeses detidos respondían ao rol que desempeñaban nas súas comunidades e non aos antecedentes que puideran ter.¹ A proclamación presidencial nº 2525 do 7 de decembro permitiu a reclusión indefinida de issei e nisei por parte do FBI polo mero feito de ter unha posición de poder en empresas.² As reaccións da sociedade estadounidense foron ambiguas mais tampouco axudou que dende a Casa Branca non se seguira unha política firme tras Pearl Harbor, dado que en ningún momento se defendeu explicitamente a lealdade dos nisei.

Unha vez Estados Unidos declarou a guerra ao Xapón, todos os issei residentes no país convertéronse en inimigos da patria. Deu comezo así a toda unha serie de prácticas previas ao internamento nos campos de concentración: prohibición de circulación a longas distancias, confiscación de radios e cámaras, censura nos periódicos xaponeses, conxelación de contas bancarias e redadas nos domicilios.³

Un dos momentos chave do proceso de internamento foi a repercusión que tivo o informe da comisión Roberts. Este informe foi publicado o 24 de xaneiro de 1942, co obxectivo de determinar os motivos e responsables que fixeron posible o desastre de Pearl Harbor. Aínda que o informe apenas centra a súa atención no papel dos espías na debacle, a participación de xaponeses como provedores de información é mencionada de maneira breve. Porén, na atmosfera que se vivía neses momentos, tal comentario foi interpretado

¹ Greg Robinson, *A Tragedy of Democracy Japanese Confinement in North America* (Nueva York: Columbia University Press, 2009), 61.

² Michi Weglyn, *Years of Infamy: The Untold Story of America's Concentration Camps* (Seattle: University of Washington Press, 1996), 46.

³ Robinson, *A Tragedy of Democracy*, 63.

como proba inequívoca da deslealdade e da escasa confianza que os estadounidenses deberían ter con respecto aos cidadáns de orixe xaponés.⁴

Tras o informe Roberts, o ritmo das decisións e a animosidade dos medios oficiais escalaron rapidamente, sendo os políticos da costa oeste os primeiros en formalizar solicitudes de evacuación dos xaponeses da zona e trasladalos a áreas do interior. O departamento de defensa pronto convenceuse de que a evacuación era inevitable e comezou a trazar un plan para levar a cabo o traslado por medio do exército.

Ante a situación cada vez máis insostible na costa oeste, os principais representantes do departamento de xustiza e de guerra reuníronse o 4 de febreiro para coordinarse e trazar un plan conxunto. Porén, a reunión non conseguiu ningún avance a causa de que a posición do departamento de xustiza era anti-evacuación e a de guerra apoiaba, e cada vez con máis convicción, iniciar o proceso de reclusión. Hoover, director do FBI, informou da inexistencia de sabotaxes, mais isto non conseguiu convencer ao departamento de guerra.⁵

O secretario de guerra, Henry Stimson, contactou co presidente para consultar a decisión de evacuación. A resposta de Roosevelt foi delegar a decisión en Stimson, confiando no seu bo xuízo á hora de levar a cabo a operación sen que os civís sufrisen danos. No momento no que se atopaba a guerra no pacífico, o presidente outorgou máis importancia ao obxectivo da vitoria e o mantemento do *status quo* no país.⁶

O 19 de febreiro de 1942, a *Executive Order 9066* presentouse ante o presidente, quen deu a súa aprobación de maneira expeditiva. A orde en ningún momento menciona aos xaponeses, senón que da vía libre ao secretario de guerra e aos seus designados para crear zonas militares, dirixidas polo exército e con plena potestade para decidir as entradas e saídas. Desta maneira autorizábase ao exército para expulsar as familias das súas casas sen necesidade de presentar ningunha proba ou orde xudicial.⁷ A pesares de que a orde enténdese de maneira oficial como un mecanismo de defensa ante os supostos espías

⁴ Robinson, *A Tragedy of Democracy*, 62.

⁵ Greg Robinson, *By Order of the President FDR and the Internment of Japanese Americans* (Cambridge: Harvard University Press, 2001), 100.

⁶ Peter Irons, *Justice at War* (Nueva York: Oxford University Press, 1983), 58.

⁷ Robinson, *A Tragedy of Democracy*, 93

xaponeses, unha nota escrita polo asistente do secretario de guerra John McCloy contrasta con esa explicación. Con motivo da consulta dun xefe acerca da alimentación que estaban a recibir os xaponeses nos centros de internamento, a palabra que se utilizaba para denominalos era “internos”. A resposta de McCloy incluía unha nota na que se especificaba que non eran “internos”, xa que non se desconfiaba deles, sendo o termo de uso “trasladados”, porque non se sentían capaces de controlar aos cidadáns brancos de California.⁸

1.1 Proceso de internamento

Días despois da publicación da orde, o xeneral John DeWitt anunciou a creación de dúas zonas militares no oeste. A zona militar número 1 aglutinaba as áreas occidentais dos estados de Washington, Oregon, California e a parte meridional de Arizona, mentres que a zona número 2 acollía as partes destes estados que non foran incluídas na primeira zona, sendo a zona número 1 a área na que os cidadáns de orixe xaponés non podían manterse. As ordes militares recibiron o apoio legislativo do Congreso, sendo aprobada como lei un mes despois a *Public Law 503* do 21 de marzo de 1942, asinada dous días despois polo presidente, aliviando a carga militar dos xuízos, a cal pasaba a recaer nas cortes federais cunha pena máxima de ata 5.000 dólares de multa e un ano de prisión. Tamén se estableceu un toque de queda o 24 de marzo de 1942, restrinxindo o movemento de inimigos estranxeiros entre as oito da noite e as seis da mañá.⁹

Aínda que a evacuación inicial foi levada a cabo polas forzas armadas, a totalidade do proceso restante tiña que ser confiado a unha organización civil, fundándose desta maneira a *War Relocation Authority* (WAR) mediante a *Executive Order 9102* do 18 de marzo de 1942. Esta axencia prostrábase como a organización responsable do programa de evacuación, dirixida nun primeiro momento por Milton Eisenhower, membro do departamento de agricultura. De maneira provisional e tan só co obxectivo de coordinar a evacuación, o departamento de guerra creou outra axencia, a *Wartime Civilian Control Agency* (WCCA). As súas funcións eran a custodia dos evacuados, a busca de

⁸ Robinson, *A Tragedy of Democracy*, 102.

⁹ Robinson, *A Tragedy of Democracy*, 104-105.

instalacións, tanto provisionais como os campos de internamento definitivos, e que estes tiveran os recursos necesarios.¹⁰

Dende as axencias oficiais animouse a reubicación voluntaria, mais tan só 10.000 xaponeses de primeira e segunda xeración marcharon das zonas costeiras a outros estados próximos onde, segundo o goberno, non supoñían unha ameaza, como Utah ou Colorado, ou ben as zonas máis orientais dos estados costeiros.

Unha vez que a evacuación voluntaria non frutificou, púxose en marcha a obrigatoriedade da mesma: toda persoa cun mínimo de ascendencia xaponesa tiña que retirarse da zona. A última semana de marzo, púxose en marcha a operación, organizada por medio de distritos que facilitaban o control. A WCCA organizou as zonas costeiras en 108 áreas de exclusión formadas cada unha por ata 1.000 persoas, nas que os xaponeses tiñan que permanecer ata que o exército realizara a evacuación. O proceso de traslado iniciábase mediante a inscrición da cabeza de familia na estación de control da WCCA e unha semana despois da notificación do traslado, este era realizado.¹¹

Aínda que dende o poder mostrouse unha preocupación polo benestar dos evacuados, en ningún momento se tivo en conta nin se protexeron as propiedades. Os xaponeses víronse obrigados a vender ou alugar co que contaban a prezos moi por baixo do seu valor real a causa de que non foron protexidos nin polo goberno nin polos bancos. Desta maneira as perdas materiais foron moi elevadas.¹²

En apenas tres meses, máis de 100.000 nisei e issei foron apartados da costa oeste. Hai que ter en conta que segundo o plan orixinal, unha vez evacuados da zona conflictiva, a idea era que foran reasentados noutras comunidades, pero os gobernadores dos estados occidentais, xustificándose no profundo sentimento anti-xaponés dos habitantes, negáronse a recibilos.

O paso intermedio antes da instalación definitiva nos campos de concentración foi a instalación temporal nos *assembly centers*, 15 parques de atraccións e cortes de cabalos

¹⁰ Irons, *Justice at War*, 70.

¹¹ Robinson, *A Tragedy of Democracy Japanese*, 126.

¹² Robinson, *A Tragedy of Democracy Japanese*, 122-125.

de competición convertidas en asentamentos por mor da prohibición en tempos de guerra desas actividades (véxase Apéndice, imaxe 1). O día 3 de novembro de 1942, completouse o traslado definitivo aos campos de concentracións de todos os xaponeses, perdendo a súa función os *assembly centers* e o WCCA, axencia que se disolvería en marzo do ano seguinte.¹³

A diferenza do que aconteceu na costa oeste, en Hawai o número de encarcerados non alcanzou os 1.500. No arquipélago vivían arredor de 150.000 xaponeses, conformando un terzo da poboación total, ademais de sufrir bombardeos e atoparse nunha situación xeográfica vulnerable no conflito bélico. A simple vista parece unha ameaza máis real a situación de Hawai, pero a importante labor que realizaban para a economía das illas impediu que sufriran o mesmo calvario que na costa oeste.¹⁴

1.2 Opinión pública

A unión que se produciu nos Estados Unidos tras a entrada na IIGM foi acompañada polo rexeitamento e odio cara os países do eixo. No caso dos xaponeses, un racismo patente na sociedade, con especial énfase na costa pacífica, que tras os acontecementos de Pearl Harbor incrementouse e de certa forma xustificouse porque eran o inimigo. A prensa tivo un papel importante nesta psicose xeral, con numerosos periodistas que incitaban a violencia e publicaban historias acerca de casos inventados nos que os xaponeses semellaban ser unha ameaza real para o país. Mais na realidade, durante a totalidade da guerra, non houbo ningún incidente de sabotaxe realizado por cidadáns de orixe xaponés que se puidese demostrar.¹⁵ Un exemplo dos termos cos que os periodistas e locutores se referían aos xaponeses é un artigo publicado por Henry McLemore, columnista independente que publicaba os seus artigos en varios periódicos, quen pedía que os xaponeses foran evacuados aos terreos inhóspitos do interior, onde deberían ser torturados e matados de fame sen excepción, foran ou non cidadáns estadounidenses.¹⁶

¹³ Roger Daniels, *Concentration Camps USA: Japanese Americans and World War II* (Nueva York: Holt, Rinehart and Wiston, 1971), 104.

¹⁴ Roger Daniels, *Prisoners without Trial: Japanese Americans in World War II* (Nueva York: Hill and Wang, 1993), 48.

¹⁵ Daniels, *Concentration Camps USA*, 33.

¹⁶ Bill Hosokawa, *Nisei. The Quiet Americans* (Cambridge: Harvard University Press, 2001), 264.

O comité Tolan realizou unha serie de audiencias a finais de febreiro e principios de marzo. Nestas audiencias a inmensa maioría dos participantes apoiaban a reubicación dos xaponeses fóra das zonas costeiras, mais non pensaban o mesmo de alemáns e italianos, xa que nestes casos a culpa era individual, de certos individuos que non representaban a totalidade da nación, como si acontecía cos xaponeses. Relacionado con isto último, debido a imposibilidade de distinguir entre os xaponeses patriotas e os espías, a solución era internalos a todos.¹⁷ O comité Tolan sorprendeuse coas respostas dos nisei que participaron nas audiencias debido a que non tiñan lazos con Xapón máis aló de recibir clases de xaponés cando eran pequenos ou viaxes de corta duración ao país nipón.¹⁸

Earl Warren, figura importante na loita polos dereitos civís en anos posteriores, participou no comité Tolan, sinalando como os xaponeses eran un grupo perigoso que supoñía unha ameaza que non podía ser controlada, a diferenza dos italianos e alemáns, para os que si existían métodos para probar a súa lealdade. Tamén consideraba que non era unha casualidade a localización de granxas preto de instalacións militares e infraestruturas. Con respecto a isto último, Warren obviaba o feito de que a gran maioría das granxas existiron de maneira previa a construción das bases e aeroportos militares.¹⁹

Un pensamento recorrente no ideario colectivo era que os nisei non deberían opoñerse a súa retención e internamento nos campos de concentración, dado que se así o fixeran sería unha mostra da súa deslealdade e antipatriotismo. Tamén apoiaban esta idea asociacións pro-xaponesas como o periódico xaponés *Los Angeles Doho* ou mesmo líderes da *Japanese American Citizens League* (JACL).²⁰ De forma contraria a este pensamento, Francis Biddle, fiscal xeral durante a IIGM, opoñíase a evacuación de milleiros de cidadáns das súas casas, motivo suficiente para ser tratado pola prensa como un traidor, mesmo certos columnistas aventuráronse a identificalo como cabeza pensante da “ameaza xaponesa”.²¹

¹⁷ Daniels, *Concentration Camps USA*, 75-77.

¹⁸ Hosokawa, *Nisei*, 290.

¹⁹ Hosokawa, *Nisei*, 287.

²⁰ Daniels, *Concentration Camps USA*, 33.

²¹ Daniels, *Concentration Camps USA*, 63.

Ao contrario do obxectivo inicial que tiña a *Executive Order 9066*, o sentimento anti-xaponés aumentou tras o anuncio da reclusión de issei e nisei en campos de internamento. A opinión pública vencellou os xaponeses americanos que vivían nos Estados Unidos co inimigo xaponés e tamén asumiu que se eran reclusos de maneira masiva era de maneira xustificada, pasando a ser vistos como traidores da patria. Tal e como mostra unha mensaxe de Stimson ao presidente en abril de 1942, a reclusión nos centros era necesaria ata que se calmasen os ánimos e a opinión pública moderase a súa animadversión cara os xaponeses.²²

2. Campos de concentración

Os campos e centros aos que os xaponeses americanos foron evacuados eran de varias clases. Os 15 *assembly centers*, con carácter temporal, estaban situados na área militar número 1, a excepción do centro Mayer situado en Arizona, e servían como aloxamento aos 120.000 xaponeses americanos de maneira previa a reubicación final nos *relocation centers*. Os *relocation centers* foron o fogar da poboación evacuada durante a meirande parte do seu encarceramento, distribuídos en 10 campos da seguinte maneira: Tule Lake e Manzanar en California, Minidoka en Idaho, Heart Mountain en Wyoming, Topaz en Utah, Poston e Gila en Arizona, Granada en Colorado e Rohwer e Jerome en Arkansas (véxase Apéndice, imaxe 2).

Puxéronse en marcha escolas nos campos de internamento, xa que os nenos tamén estaban reclusos. Mais era complicado obter libros e materiais para poder impartir clase, mesmo durante o inverno as temperaturas descendían a tal punto que facía moi difícil a labor dos profesores dado que non había calefacción. A resposta dos estudantes ante esta escola improvisada non foi unánime. Se ben houbo moitos que estaban motivados e ilusionados por aprender, había moitos outros que non comprendían o porque de asistir a clase nunha situación extrema ou tiñan unha actitude hostil ante profesores que non fosen xaponeses.²³

²² Robinson, *By Order of the President FDR*, 130-131.

²³ Roger Daniels, Harry Kitano e Sandra Taylor, *Japanese Americans, From Relocation to Redress* (Seattle: University of Washington Press, 1991), 44.

Debido a falta de diversidade na alimentación e de nutrientes chave cun menú moi reducido onde o peixe e a carne estaban ausentes, as enfermidades relacionadas cos órganos dixestivos eran habituais, como é o caso da diarrea ou o polio.²⁴ Desenvolvéronse actividades grupais como clases de inglés enfocadas sobre todo para os issei, clases de arranxos florais, de costura, de papiroflexia, de punto, de baile xaponés e, tamén, de cando en vez, celebrábanse exhibicións artísticas de obras elaboradas cos escasos materiais cos que contaban. As celebracións non eran comúns, pero tanto a comunidade como as familias, no ámbito privado, trataron de celebrar certas datas e festividades da mesma maneira que o farían nos seus fogares.²⁵

Se ben houbo familias que ante a adversidade se uniron, moitas outras foron separándose dado que o feito de vivir en espazos tan reducidos dunha sola habitación non era doado. Había fillos que se foron distanciando dos seus pais, evitando en todo momento pasar tempo nas súas propias barracas. Se a miserable vida no campo non era suficiente, moitas familias deixaron de funcionar como tal.²⁶

Todo aquel issei do que desconfiara o FBI foi detido logo do ataque a Pearl Harbor e trasladado a estacións de detención levadas polo servizo de inmigración e naturalización, parte do departamento de xustiza. Unha vez levados as estacións temporais, celebrábase unha audiencia e no caso de ser liberados eran trasladados aos campos de internamento do departamento de xustiza, independentes dos *relocation center* rexidos pola WRA, onde compartían instalacións con italianos e alemáns na súa mesma situación.

Os motivos dos arrestos moitas veces non eran xustificadas tal e como mostra a seguinte historia. Florence Dobashi relata como o 27 de febreiro de 1942 o FBI arrestou ao seu pai por ser o secretario da asociación xaponesa local. Catro axentes entraron na súa casa e arrasaron con todo na procura de documentos ou probas que o puideran incriminar.

²⁴ Gordon Chang, *Morning Glory, Evening Shadow: Yamato Ichihashi and his Internment Writings, 1942-1945* (Stanford: Stanford University Press, 1997), 112.

²⁵ Yoshiko Uchida, *Desert Exile, The Uprooting of a Japanese American Family* (Seattle: University of Washington Press, 1984), 126.

²⁶ Uchida, *Desert Exile*, 123.

Atoparon unha katana que trouxera o seu pai cando emigrou aos Estados Unidos e simplemente asumiron que era contrabando, motivo suficiente para arrestalo.²⁷

2.1 Segregación

En 1943 formáronse dous comités para investigar acerca dos campos de internamento, do seu funcionamento e da política levada a cabo pola WRA. Ambos comités, dirixidos polo senador Albert Chandler e o congresista Martin Dies concluíron que os integrantes dos campos debían ser separados entre os desleais e o resto. Mesmo a WRA tratou a cuestión nunha conferencia, mais entenderon que a segregación non respondería a criterios suficientemente efectivos.

Nese mesmo ano, o exército e a WRA puxeron un marcha un proceso de rexistro polo cal os xaponeses americanos con nacionalidade estadounidense podían entrar no exército formando parte do 442º rexemento de infantaría, grupo militar exclusivamente nisei que combateu na fronte europea, converténdose na unidade de combate máis condecorada dos Estados Unidos.²⁸ Mais este rexistro foi un fracaso porque motivou que as relacións nos campos se deteriorasen debido a preguntas que cuestionaban a lealdade dos internos e poñían en dúbida o seu patriotismo e tampouco conseguiu o obxectivo principal: o recrutamento de voluntarios, moi por baixo do número previsto.²⁹

Este programa de segregación pretendía separar aos xaponeses leais dos traidores que supoñían unha ameaza. Aqueles internos que, tras realizar os cuestionarios, confirmaron o seu rexeitamento a negar o apoio a Xapón, foron enviados ao centro de Tule Lake. Independentemente de se a totalidade dunha familia ou tan só un membro da mesma apoiaba a Xapón, todos os membros eran enviados a Tule Lake. o que ocasionou problemas porque no seo dunha familia podía haber opinións distintas.³⁰

²⁷ Brian Komei Dempster, *From our Side of the Fence: Growing Up in America's Concentration Camps* (San Francisco: Kearny Street Workshop, 2001), 4.

²⁸ Jeffery Burton et al., *Confinement and Ethnicity: An Overview of World War II Japanese American Relocation Sites* (Seattle: University of Washington Press, 2002), 54.

²⁹ Eric L. Muller, *American Inquisition: The Hunt for Japanese American Disloyalty in World War II* (Chapel Hill: The University of North Carolina Press, 2007), 36.

³⁰ Miné Okubo, *Citizen 13660* (Seattle: University of Washington Press, 1983), 198-200.

As dúas preguntas comprometidas do cuestionario que causaron máis polémica entre os xaponeses eran as preguntas número 27 e número 28, formuladas da seguinte maneira: Garante a súa lealdade ao goberno dos Estados Unidos e promete acatar as leis deste país?; Renuncia a súa fidelidade ao emperador de Xapón? A pesares da eliminación das preguntas máis polémicas, xa era tarde e o dano xa estaba feito. Como reacción, grupos de issei formáronse para ameazar e coaccionar a todo aquel que consideraban pro-americano, con Tule Lake como un dos campos onde máis problemas se orixinaron. As forzas de seguridade tiveron que intervir de forma violenta para que os internos se rexistrasen e no seu defecto procederon a intervención.³¹

Durante o mes de outubro de 1943, trens cargados de novos residentes chegaron ao centro de segregación de Tule Lake, o cal adoptou esa función o 1 de novembro. Todos aqueles que responderan de maneira afirmativa as preguntas 27 e 28 mantíñanse en centros de reubicación, mentres que os que responderon negativamente foron trasladados a Tule Lake, único centro de segregación do país.

2.2 O internamento a través das experiencias persoais

2.2.1 Miné Okubo

Unha vez explicadas as características dos diferentes campos de concentración cómpre prestar atención a experiencia persoal dos xaponeses americanos a través das súas propias versións. O primeiro caso é o da artista Miné Okubo, quen escribiu un diario do seu internamento acompañado de debuxos que ilustraban a rutina na que vivía. Miné Okubo presentouse o 26 de abril de 1942 na estación de control máis próxima para rexistrarse xunto ao seu irmán. Unha vez entrevistada e rexistrada, asignóuselle o número 13660 e o seu destino: o *assembly center* de Tanforan.³²

Foron instalados na cuadra 16, no establo 50, que aínda mantiña a aparencia do que fora e realmente era. Tal e como explica no seu diario, as ringleiras para comer eran enormes, co risco de ter que esperar horas baixo a chuvia ou o frío e unha vez alcanzado o obxectivo de ter un prato entre as mans, a comida non alcanzaba a todos os internos e os últimos

³¹ Daisuke Kitagawa, *Issei and Nisei, The Internment Years* (Nueva York, The Seabury Press, 1967), 116.

³² Okubo, *Citizen 13660*, 18-20.

non podían alimentarse. Os colchóns eran sacos recheos de palla, tan só os enfermos ou os máis maiores podían acceder ao algodón. Ante o frío, unha manta non era suficiente, polo que tiñan que cubrirse coa pouca roupa que a súa maleta lles permitira traer. Tal e como mostra Okubo no seu diario, había unha clara falta de organización nos centros de reunión con barracas aínda por construír. Os internos víronse na obriga de construír o seu propio mobiliario e incluso varios arquitectos decidiron construír un lago rodeado de árbores, pero a escaseza de equipamento complicaba moito a labor.³³

En Tanforan, o escenario grande que no seu momento tivera a súa función como centro do hipódromo, era tamén espazo de reunión para os internos, onde se celebraban concursos de talentos, desfiles e bailes. Miné Okubo menciona no seu diario como nos últimos días celebrouse unha gran despedida durante 4 días con desfiles de disfraces e marchas do orgullo.³⁴

Como veremos ao longo deste apartado, as ringleiras e as esperas foron unha constante debido a superpoboación que sufrían os campos e o control estrito dos internos. Todos os servizos requirían de filas, dende os máis básicos, como as comidas, as duchas ou os lavadoiros ata o correo, as visitas ou o médico.

O 16 de setembro os primeiros internos tiñan que estar preparados para trasladarse ao campo de internamento de Topaz, en Utah. O viaxe en tren durou 2 noites en condicións pésimas: as luces non funcionaban, polo que durante a noite, o tren quedaban en plena escuridade, mentres que as persianas foron pintadas para evitar que os pasaxeiros puidesen mirar cara onde se dirixían. O primeiro que resaltaba no momento da chegada ao centro de Topaz era a cantidade de polvo que se levantaba do chan e que complicaba a visión. Non deixaba de ser un centro construído en medio do deserto a quilómetros de distancia da poboación máis próxima. Se ben as condicións eran mellores que en Tanforan, tampouco estaba construído na súa totalidade e os servizos constituían os mínimos necesarios. Os internos foron avisados do carácter permanente de Topaz, polo que os evacuados buscaron traballo de maneira inmediata. Miné foi aceptada no periódico

³³ Okubo, *Citizen 13660*, 98.

³⁴ Okubo, *Citizen 13660*, 102.

do centro, o *Topaz Times*, encargado de informar aos residentes das novas do centro e do exterior, sempre censurado pola administración do centro.³⁵

As comidas eran racionadas e costaban 30 centavos de dólar ao día por persona. A dieta baseábase en arroz, pan, macarróns, espaguetes e fabas combinadas de diversas formas. Aínda que o chan era alcalino, nada favorable para a agricultura, moitos internos trataron de levar adiante pequenas hortas, domesticar animais e alimentar porcos, polos e vacas para o posterior consumo.³⁶

Aos traballadores temporais lles foron concedidas baixas temporais do campo de concentración e foron os primeiros en marchar. Estes primeiros internos desempeñaban traballos de temporada como a recollida de froita ou o desplume de pavos. A *War Relocation Authority* encargábase de revisar e investigar acerca dos empregos e destinos dos evacuados. Miné Okubo abandonou Topaz en xaneiro de 1944 e igual que a todos os que marchaban, a administración entregoulle un billete de tren, 25 dólares e 3 dólares a maiores por cada día de viaxe.³⁷

2.2.2 Yoshiko Uchida

A familia de Yoshiko Uchida era de 4 membros: ela e máis a súa irmá nadas nos Estados Unidos e polo tanto nisei e os seus pais, xaponeses de nacemento que se mudaran a California a comezos de século. Vivían unha vida normal ata o ataque a Pearl Harbor en decembro de 1941, momento no que o seu pai foi detido e enviado a Montana polo FBI sen previo aviso xunto a outros issei. Da mesma forma que o fixera Miné Okubo, a familia Uchida tivo que abandonar o seu domicilio e poñerse a disposición do exército para trasladarse a un centro temporal. Tras recibir o número de rexistro, 13453 no seu caso, a familia Uchida viuse obrigada a empacar as súas pertenzas e preparar a mudanza a un lugar incerto no prazo de 10 días.³⁸

O seu destino foi Tanforan, onde as noites eran frías a causa de que as cortes non estaban adaptadas para albergar humanos e tampouco axudaba o feito de que a roupa de cama era

³⁵ Okubo, *Citizen 13660*, 134.

³⁶ Okubo, *Citizen 13660*, 192-197.

³⁷ Okubo, *Citizen 13660*, 205-208.

³⁸ Uchida, *Desert Exile*, 59.

mínima. A familia Uchida logrou traer mantas, sábanas e incluso unha chaleira que usaban para quentarse. As latrinas e as duchas carecían de toda privacidade, algo que avergonzaba sobre todo a xente máis maior que usaba periódicos vellos para tapar a cara ou trapos a modo de cortinas.³⁹

A necesidade de servizos para a comunidade orixinou o establecemento de igrexas cristiáns e budistas, unha oficina de correos, un hospital, unha biblioteca... Tamén xurdiu a necesidade de organizar actividades recreativas para pasar o tempo: partidos de *softball*, musicais, concursos de talentos, concertos que reproducían música clásica, bailes... Desenvolveuse un sistema educativo que comezou pola construción de gardarías para os máis pequenos. Despois do éxito das gardarías, escolas para o resto de menores foron establecidas, nun primeiro momento sen distinción de grao, pero para xuño xa había clases dirixidas para os adolescentes en idade de asistir ao instituto. A irmá maior de Yoshiko foi unha das primeiras mestras nas gardarías mentres que Yoshiko impartiu clases para nenos de 7 e 8 anos por un salario de 16 dólares ao mes nun horario de 44 horas a semana.⁴⁰

Chegou a constituírse un consello con representantes de cada un dos 5 distritos en que estaba dividido o centro. Elixíronse os representantes mediante unha votación na que os issei tiveron a primeira oportunidade para votar nos Estados Unidos e, debido a maioría coa que contaban sobre os nisei, elixiron aos seus propios representantes. Porén, esta experiencia apenas durou un mes antes de que o exército limitara a votación aos cidadáns estadounidenses. Posteriormente, a pesares de aprobar unha constitución, o exército dissolveu todo autogoberno creado nos *assembly centers*.⁴¹

A familia Uchida, xa reunida ao completo tras a chegada do pai a Tanforan, trasladouse ao campo de internamento de Topaz o 16 de setembro. Nun dos descansos que se lles permitía no traslado, detivéronse na estación de Salt Lake City durante un par de minutos. Yoshiko baixou do tren para tomar o aire e atopouse cunha antiga compañeira de clase que emigrara voluntariamente a cidade no prazo que designaran as autoridades. A pesares

³⁹ Uchida, *Desert Exile*, 77.

⁴⁰ Uchida, *Desert Exile*, 88-90.

⁴¹ Uchida, *Desert Exile*, 92.

de residir no mesmo sitio e atender a mesma clase, unha estaba sendo trasladada a un campo de concentración situado na inmensidade do deserto mentres que a outra estaba na estación por decisión propia desfrutando da súa liberdade.⁴²

O campo de Topaz articulábase arredor do comedor principal, os servicios e a lavandaría con 42 bloques de 12 barracas cada un. No momento que máis internos albergou, ata 8.000, converteuse nun dos asentamentos humanos máis numerosos do estado de Utah. Nun clima árido como este as oscilacións de temperaturas eran moi amplas, con altas temperaturas durante o día e unha baixada moi grande durante a noite. Outro aspecto propio dos desertos son as tormentas de area que impiden toda actividade no exterior e en construcións con múltiples fendeduras e ocos nas paredes, a area conseguía traspasalas e molestar a visión no interior. Os factores climáticos tampouco axudaban a traumática experiencia dos internos.⁴³

De forma similar ao realizado en Tanforan, o sistema educativo foi instalándose en Topaz e as irmás Uchida tamén se dedicaron a ensinanza cun salario lixeiramente superior de 19 dólares. A escola máis alonxada do edificio de administración non estaba equipada para impartir clases con numerosos buratos nas paredes e no teito e sen recubrimento interior. Durante as primeiras semanas non era viable impartir clases tendo en conta que as temperaturas no interior eran moi baixas, movendo ocasionalmente a clase fóra das barracas ao aire libre onde a temperatura era mellor ou mesmo cancelando directamente a xornada lectiva.⁴⁴

No campo de Topaz un grupo de axitadores comezou a ameazar a aqueles internos que mantiñan un maior contacto co persoal de administración a través dos comités que se crearon para tratar de organizar a vida dentro dos campos de concentración. Estes grupos utilizaban chatarra e tuberías de chumbo nos seus ataques nocturnos aproveitando a falta de luz e de testemuñas. O pai de Yoshiko, membro de varios comités, foi ameazado en varias ocasións e tras un ataque con bomba fétida, a administración facilitou a súa saída do campo. Finalmente en maio de 1943, tanto a súa irmá como Yoshiko, foron aceptadas

⁴² Uchida, *Desert Exile*, 103.

⁴³ Uchida, *Desert Exile*, 106-109.

⁴⁴ Uchida, *Desert Exile*, 116.

en universidades do país, poñendo punto final a súa experiencia dentro do campo.⁴⁵ Os nisei tiveron máis facilidades para encontrar postos de traballo ou universidades que os aceptaran, pero moitos issei víronse na obriga de permanecer tras arames de espiño ata o fin da guerra.

2.2.3 Yamato Ichichashi

Yamato Ichihashi deixou constancia da súa experiencia a través dun diario, da correspondencia e de elaboracións propias. Xunto a súa muller, Kei, Yamato, vivía en Stanford onde era profesor de historia. Contaba cun alto status entre o profesorado e era unha persoa con numerosos amigos, mais en maio de 1942 víronse obrigados a acudir ao rexistro na universidade de San José e, dende alí, foron enviados ao *assembly center* de Santa Anita.

Aqueles que tiñan amigos fóra dos campos, e que os conservaron tras o ataque a Pearl Harbor, podían recibir cartas e paquetes dende o exterior, sempre supervisados pola seguridade do centro. Os Ichihashi grazas a súa amizade con Jessie e Payson Treat recibiron unha gran cantidade de obxectos, alimentos que non consumían no centro e que botaban de menos, agasallos en épocas festivas e unha correspondencia que se mantivo durante todo o internamento. O 1 de xuño de 1942, escasos días tras a chegada a Santa Anita, os Ichihashi escribiron unha carta aos Treat na que lles pedían un taboleiro, dúas cadeiras pregables, unhas gafas de sol, unha radio...⁴⁶

O prestixio e influencia que tiña Yamato Ichihashi como profesor dunha universidade de primeira orde como Stanford, otorgoulle certas facilidades na rapidez dos traslados. O presidente da universidade comunicou a petición dos Ichihashi de trasladarse dende Santa Anita a Tule Lake directamente a John DeWitt, comandante de defensa da costa oeste. Desta forma, tras chegar a Santa Anita a finais de maio, o 25 de xullo trasladáronse ao campo de internamento de Tule Lake.⁴⁷

Tanto en Tule Lake como posteriormente en Granada, Yamato empregou boa parte do seu tempo en prestar axuda nos conflitos que se orixinaban entre os residentes e as

⁴⁵ Uchida, *Desert Exile*, 140-141.

⁴⁶ Chang, *Morning Glory*, 108.

⁴⁷ Chang, *Morning Glory*, 135.

relacións entre os internos e a administración. Este papel causoulle problemas cos que pensaban que tiña demasiado poder tal e como reflicte un artigo publicado no *San Francisco Chronicle* en maio de 1943. O periodista Milton Silverman, tras visitar o campo e entrevistarse cos internos, entre eles Ichihashi, publicou un artigo titulado: “O emperador de Tule Lake: profesor xaponés (previamente de Stanford) exerce gran poder dentro do campo.” Recordaba a carreira profesional en Stanford e describía a residencia dos Ichihashi como sospeitosamente máis luxosa que o resto.⁴⁸

Co paso dos días, o humor e a actitude de Yamato tornouse máis ruda e crítica, sobre todo cos seus compañeiros de campo:

July 4th festivity began today with sumō at 2:00 p.m. followed by soft-ball games; in the evening ondo [a musical performance with dancing and hand-clapping]. But why this enthusiastic celebration? Perhaps it is explained by the monotony of life, but to this must be added the character of the people who find no other avenue for emotional outlet; they lack any serious interest, perhaps not intelligent enough, rather pathetic.⁴⁹

A partir do verán de 1943, aqueles declarados como desleais serían trasladados a Tule Lake, o cal deixaría de ser un campo de reubicación para converterse nun centro de segregación. Yamato Ichihashi escribiu unha carta a Payson Treat en xullo de 1943 informando acerca do proceso de rexistro e das contradicións que segundo el se orixinaban coa segregación. Argumentaba que no momento no que a segregación fose aplicada, todo o razoamento detrás da evacuación sería desacreditada xa que non entendía porque o goberno ía manter en campos de concentración a aqueles que demostraran ser leais.⁵⁰

Debido a este cambio, aqueles internos que foran cualificados como leais tiñan que mudarse a outro campo de concentración. Os Ichihashi foron dos primeiros en cambiar de residencia e, a pesar de que crían que recibirían un tratamento especial polo seu status e reputación, a realidade foi que os administradores da WRA levaban tempo tratando de

⁴⁸ Chang, *Morning Glory*, 224-230

⁴⁹ Chang, *Morning Glory*, 236.

⁵⁰ Chang, *Morning Glory*, 244.

botar a Yamato do campo porque consideraban que estaba liderando a oposición ao proceso de segregación.⁵¹

Unha vez instalados en Granada, Ichihashi tornouse moi crítico cos seus veciños e as súas actitudes. Pensaba que as persoas eran cada vez máis egoístas, resultando en comportamentos estúpidos que quebraban familias e relacións domésticas. Chegou a afirmar que perderan calquer indicio de cultura ou finura e que como consecuencia tornáranse salvaxes e mesmo bestas. Ante a aparente pasividade dos seus veciños fronte as novas que permitían a saída dos campos de concentración, Ichihashi escribía sobre o tema nunha entrada especial:

The Japanese have been famous as non-seekers of public charity, a fact not to be disputed. Yet since the evacuation, many have lost the sense of self-reliance, self-respect and responsibility and have become willing or even desirous of taking advantage of any external benefits small and big, and have been satisfied to be “wards” of the government, and perhaps wish to remain so as long as possible, for then there is security as regards elementary needs of living. They have become lethargic both physically and mentally.⁵²

Os Ichihashi, tras case 3 anos evacuados, decidiron poñer rumbo de volta a súa casa o 27 de abril de 1945. A pesares de abandonar Granada en abril de 1945, o departamento de xustiza obrigou a Yamato a elaborar un informe persoal das súas actividades dúas veces ao mes e escribir un informe unha vez ao mes ao xefe rexional da división de control estranxeiro.

2.2.4 Yoshiaki Fukuda

O seguinte caso diferénciase dos vistos anteriormente porque o encarceramento produciuse nun centro de detención do departamento de xustiza. Nestes campos, as condicións eran máis duras xa que os internos eran considerados como inimigos estranxeiros, polo que os oficiais levaban a cabo investigacións para determinar se entraran no país de forma ilegal. Os internos eran obrigados a traballar na construción de estradas e aeroportos ou na limpeza das instalacións sen recibir ningunha paga a cambio. No campo de Missoula, destino do reverendo Yoshiaki Fukuda, os interrogatorios eran constantes e debido a falta de control e regulamento sobre as detencións, os oficiais

⁵¹ Chang, *Morning Glory*, 254.

⁵² Chang, *Morning Glory*, 392.

recorrían a métodos radicais como a tortura, o confinamento durante semanas ou o illamento en celas sen luz e sen servizo.⁵³

A familia de Yoshiaki foi enviada ao campo de concentración de Topaz, previo paso por Tanforan, sen o propio Yoshiaki, quen fora arrestado inmediatamente despois do ataque a Pearl Harbor. Cabe mencionar que os fillos eran sete e ningún chegaba aos 10 anos de idade. Se xa non era sinxelo criar a tantos pequenos, o feito de facelo nun campo de concentración o complicaba aínda máis. Ante tal situación, a nai sufriu unha enfermidade de corazón reumático pola que tivo que ser hospitalizada e os seus fillos máis novos pasaron a ser coidados por outros internos.⁵⁴

As memorias de Fukuda mostran exemplos do que acontecía cos issei recluídos e as condicións nas que se encontraban. Haruo Higashia foi detido polo FBI por ser líder da comunidade xaponesa xa que era ministro principal dunha igrexa en Los Ángeles. A pesares de sufrir hipertensión arterial, tanto el como o seu fillo de 16 anos foron arrestados e enviados ao centro de detención de Bismarck, en Dakota do Norte, convertendo ao fillo do reverendo no interno máis novo deste tipo de centro. Unha vez instalados, a dureza do tempo provocou unha deterioración na saúde do reverendo, o que xunto a unha vacina fronte ao tifus, resultou nun ataque e unha parálise total.⁵⁵

Outra historia mencionada foi a acontecida o 27 de xullo de 1942 durante un traslado de internos entre Bismarck e Lordsburg. Dous issei de avanzada idade, Toshiro Kobata e Hirota Isomura, padecían enfermidades que lles impedían cubrir a distancia a pé ata o campo. Como solución, foron en automóbil ata as portas de Lordsburg e mentres esperaban polos demais internos, un sentinela dunha torre de vixilancia disparou contra eles sen provocación ningunha e matounos sen previo aviso. O garda non sufriu ningún castigo senón todo o contrario, converténdose nun feito do que sentirse orgulloso e sacar peito entre os seus compañeiros.⁵⁶

⁵³ Yoshiaki Fukuda, *My Six Years of Internment: An Issei's Struggle for Justice* (San Francisco: Konko Church of San Francisco, 1990), 39-41.

⁵⁴ Fukuda, *My Six Years of Internment*, 49.

⁵⁵ Fukuda, *My Six Years of Internment*, 38.

⁵⁶ Fukuda, *My Six Years of Internment*, 42.

Yoshiaki Fukuda apelou, xunto a outros compañeiros, polo cumprimento da Convención de Xenebra, convenio internacional que velaba polas vítimas dos conflitos armados, firmado por Estados Unidos e Xapón, que non se estaba a ter en conta. En decembro de 1942 foron escoitados e as condicións melloraron: o traballo forzado foi eliminado, instalouse unha paga de 80 centavos por día a todo aquel que traballase voluntariamente e permitiuse o servizo de correos e paquetes. Despois do fin da guerra, centos de xaponeses recibiron unha orde de deportación, mais moitos co paso do tempo foron reclasificados e liberados dos campos. Porén, Yoshiaki Fukuda non confiaba demasiado nas súas posibilidades de saír, de maneira que comezou a prestar axuda aos que coma el, aínda estaban reclusos. Grazas a labor dos avogados, non foi deportado, conseguindo voltar a San Francisco tras 5 anos e 10 meses de internamento.⁵⁷

2.2.5 Iwao e Hanaye Matsushita

O matrimonio Matsushita viviu unha experiencia similar a da familia Fukuda, xa que durante dous anos estiveron separados, tempo no que se escribiron cerca de 148 cartas, Hanaye dende o *Puyallup Assembly Center* e posteriormente dende o *Minidoka Relocation Center* e Iwao dende a estación de inmigración de Seattle e o *Fort Missoula Detention Center*. Porén, o servizo de inmigración e naturalización censurou, dende a entrada dos Estados Unidos na guerra, todo o correo nacional e nas estacións de inmigración prohibiuse a correspondencia en idiomas estranxeiros que non fosen o inglés, polo menos ata que o persoal cualificado fora contratado. Tamén estaba prohibido proporcionar información e detalles específicos sobre os centros de detención, sendo censurados mediante tinta negra ou recortados. A pesares disto conservamos gran parte da correspondencia, máis ou menos censurada.⁵⁸

Os internos dos centros de detención podían recibir obxectos enviados por correo, mais tiñan que pasar a revisión dos censores. Os dicionarios, por exemplo, pasaban por un control exhaustivo en busca de marcas ou subliñados que puideran conter mensaxes ocultos. Iwao, en ocasións, fai referencia a novas lidas en periódicos dado que os detidos tiñan permitido ter subscricións coa condición de que foran enviados directamente dende

⁵⁷ Fukuda, *My Six Years of Internment*, 62.

⁵⁸ Louis Fiset, *Imprisoned Apart: The World War II Correspondence of an Issei Couple* (Seattle: University of Washington Press, 1997), 104-106.

a editorial para evitar alteracións. A comunicación, por suposto, non era perfecta: Hanaye non tiña a capacidade nin a fluidez para escribir en inglés como o facía o seu marido, tendo que depender de amigos que lle escribisen as cartas e, en consecuencia, a frecuencia coa que mandaba cartas era menor que a de Iwao. No caso de Iwao, moitos nomes e descrições do centro foron censurados.⁵⁹

En abril de 1942 permitiuse a correspondencia co Xapón grazas a Cruz Vermella, ocasión que aproveitou Iwao Matsushita para enviar unha curta mensaxe ao seu irmán. Porén, o servizo de correo foi bastante deplorable, como o caso de Iwao demostra: a mensaxe chegou ao seu irmán seis meses despois da fecha de emisión e a resposta non o fixo ata decembro de 1943.⁶⁰

O 7 de decembro de 1942, Iwao escribía a súa muller acerca da súa situación dentro do campo. Segundo o fiscal era potencialmente perigoso para a seguridade pública, significando isto o internamento. Ante esta nova, as opcións reducíanse a solicitar unha nova audiencia, pero esta tan só se outorgaba en casos particulares nos que as evidencias fosen convincentes, ou ben pedir un traslado a un campo no que reunirse coa súa familia. Debido a esta detención prolongada, converteuse en alcalde do *Fort Missoula Detention Center* recibindo unha gran cantidade de peticións, queixas e problemas, o que non lle motivaba a seguir no posto, pero todos lle pediron que seguira. Tras 7 meses como alcalde, dimitiu do seu cargo, aliviando así a carga física e emocional que sentía.⁶¹

Tras moitas posposicións, o 3 de xaneiro de 1944, Iwao Matsushita era liberado de maneira condicional e finalmente podía reunirse coa súa muller no campo de concentración de Minidoka, no estado de Idaho. Tras o reencontro pasarían case 2 anos antes de poder retornar a Seattle.⁶²

2.2.6 Hatsuye Egami

Ate agora vimos as experiencias de varios evacuados, coas diferenzas propias de circunstancias que non foron iguais para todos os xaponeses americanos, mais as

⁵⁹ Fiset, *Imprisoned Apart*, 126-139.

⁶⁰ Fiset, *Imprisoned Apart*, 141.

⁶¹ Fiset, *Imprisoned Apart*, 251-257.

⁶² Fiset, *Imprisoned Apart*, 267.

reaccións de rexeitamento e xenreira si eran xeneralizadas. Non é o caso de Hatsuye Egami, cuxa opinión está plasmada no seu diario persoal.

A familia de Hatsuye Egami foi destinada ao *assembly center* de Tulare, en California. As primeiras entradas do diario mostran unha actitude positiva antes as circunstancias, considerando a falta de privacidade das latrinas como unha oportunidade para desenvolver un novo estilo de vida, un menú con máis calidade do que a xente pensaba ou un sentimento de admiración e compaixón cara os soldados. Por momentos, Hatsuye desprende unha sensación de inocencia que contrasta cos relatos de moitos outros xaponeses. Da seguinte maneira eloxia a comunidade creada no centro:

There is no line discriminating rich or poor. There is no class. There is no political nor economic position. There is no intellectual clique. The difference or the importance of sex has been erased. The privileged or the humble mass are alike. Everything has been leveled off.⁶³

Como vemos, Hatsuye Egami cría plenamente na orde de evacuación e na comunidade que se estaba formando, afirmando que se o estado do centro seguía a manterse, podía chegar a establecer o estado de utopía, unha comunidade exemplar da que estar orgulloso e presentar ao mundo.

Outro pasaxe que reflicte a actitude de Hatsuye é o recollido na entrada do día 31 de maio de 1942, día dos caídos, no que demostra devoción polos Estados Unidos e as súas forzas armadas. Escribe así sobre o amor entre xaponeses e estadounidenses:

There seem to be several similar cases here of mixed marriages. Love seems to surmount all barriers and outshine all the troubles of this world. Wars, discrimination among races; these individuals were able to overcome all these to live in a universal love.⁶⁴

A última entrada no diario de Hatsuye céntrase na figura de Mr. Aanonsen, director do centro, a quen lle dedica palabras de admiración pola súa labor. A raíz da súa orixe, Aanonsen era danés, Hatsuye reflexiona acerca do éxito que tivo o director en americanizarse e o fracaso do mesmo por parte dos xaponeses. Este fracaso no proceso de asimilación estadounidense é visto como unha xustificación das decisións tomadas

⁶³ Hatsuye Egami, *The Evacuation Diary of Hatsuye Egami*, ed. Claire Gorfinkel (Pasadena: Intentional Productions, 1995), 25.

⁶⁴ Egami, *The Evacuation Diary*, 44.

polo goberno, é dicir, se todos os xaponeses tiveran o mesmo ímpeto por asemellarse aos norteamericanos como fixo Aanonsen, a situación sería ben distinta.⁶⁵

2.3 Prensa

A WRA encargou a cada campo de concentración a publicación dun periódico co obxectivo de manter aos residentes informados das políticas da organización. Aínda que non haxa indicios de censura por parte da WRA, os xornalistas elixidos pola administración non se arriscaron a poñer en dúbida o establecido e cando o fixeron, as ameazas de traslado ou o despido foron medidas efectivas. A auto censura a que se sometían eles mesmos non facía necesaria a revisión por parte dos supervisores.⁶⁶

Os traballadores da WRA elixiron aos nisei para levar as editoriais dos periódicos polo seu manexo do idioma e pola compatibilidade ideolóxica dos nisei máis exemplares. O control absoluto que tiñan sobre o emprego dentro dos campos permitiu que, mediante recompensas aos editores máis en concordancia coa liña da administración, a interferencia fora máis ben reducida. Os editores centrábanse especialmente en aspectos cotiáns da vida no campo como as actividades deportivas ou de ocio, sen mencionar as cuestións máis relevantes e con maior transfundo.⁶⁷

O *Heart Mountain Sentinel*, periódico do *Heart Mountain Relocation Center*, foi o periódico máis profesional de entre os publicados nos campos. Isto responde, en gran medida, a Bill Hosokawa, editor xefe que contaba cunha longa carreira en xornalismo e que baixo a súa dirección dedicou espazo a historias sobre heroes de guerra xaponeses americanos, sobre os éxitos dos internos e sobre as novas da *Japanese American Citizens League*. Foi criticado por seguir as pautas da administración e non tratar os asuntos candentes e polémicos, mesmo cando o facía, a postura era claramente a favor das autoridades.⁶⁸

⁶⁵ Egami, *The Evacuation Diary*, 100.

⁶⁶ Lauren Kessler, “Fettered Freedoms: The Journalism of World War II Japanese Internment Camps”, *Journalism History* 15, no. 2-3 (1998): 77, doi: 10.1080/00947679.1988.12066665.

⁶⁷ Kessler, “Fettered Freedoms”, 71-72.

⁶⁸ Kessler, “Fettered Freedoms”, 73-75.

No caso de Tule Lake, editáronse varias publicacións que se baseaban principalmente na reimpresión de anuncios oficiais. A primeira publicación foi o *Information Bulletin* que durou tan só un mes reproducindo mensaxes da administración. Dende xuño de 1942 e ata outubro do ano seguinte, o *Tulean Dispatch* informou aos internos sobre políticas da WRA, das actividades realizadas no campo e novas acerca dos distintos servizos do campo. Durante 4 meses o campo careceu dunha editorial e non foi ata febreiro de 1944, cando apareceu o *Newell Star*, o cal informaba indirectamente do ambiente conflitivo. Mais en ningún momento informou sobre o control temporal do exército sobre o campo ante a situación de conflito ou das mortes que se produciron durante o período no que Tule Lake foi o único centro de segregación.⁶⁹ Unha destas mortes ocorreu o 24 de maio de 1944, día no que un sentinela de Tule Lake disparou a Shoichi Okamoto por non querer mostrar a súa tarxeta de entrada cando entraba ao campo despois de traballar no exterior. O vixía foi absolto por un xuízo militar e multado con 1 dólar polo uso non autorizado de propiedade do goberno, é dicir, a bala.⁷⁰

2.4 Manifestacións artísticas

Os evacuados non podían levar consigo instrumentos de metal aos campos, polo que tiveron que improvisar utensilios mediante o forxado de chatarra en fornos pouco ortodoxos ou ben modificando coitelos sen punta que recollían nos comedores. Tempo despois, os artistas puideron saír dos campos para comprar ferramentas en tendas próximas e tamén recibían paquetes do exterior co que necesitaban para elaborar as obras artísticas.⁷¹

A técnica do *kobu* foi practicada de maneira destacada nos campos de concentración situados no estado de Arkansas, a cal consistía en quitar as pezas de madeira deterioradas das raíces e troncos dos árbores caídos para crear esculturas que posteriormente eran recubertas de aceite, pulidas e finalmente vernizadas. Algúns apenas alteraban as figuras que foran formadas de maneira natural, mentres que outros esculpían caixas de mistos, placas, formas animais, ou macetas. Outra técnica utilizada polos artesáns dentro dos

⁶⁹ Kessler, “Fettered Freedoms”, 76.

⁷⁰ Chang, *Morning Glory*, 338.

⁷¹ Delphine Hirasuna, *The Art of Gaman: Arts and Crafts From the Japanese American Internment Camps, 1942-1946* (Nueva York: Ten Speed Press, 2005), 37.

campos foi a de *bon-kei*, a cal non acusaba tanto a falta de materiais xa que se podía realizar con area e lodo (véxase Apéndice, imaxes 3 e 4). Consistía na reprodución en miniatura dos elementos característicos dunha paisaxe, de aí que se puidera aproveitar o terreo areoso para crear reproducións de desertos, montañas ou praias.⁷²

Os internos enviaban pequenas pezas de arte que puideran ser empacetas a aqueles familiares ou amigos que deixaran atrás. Moitas destas obras servían como agradecemento polas caixas que recibían dos seus contactos co exterior, as que adoitaban conter alimentos ou obxectos que non consumían no campo ou que pedían expresamente como galletas, froita enlatada, té, arroz ou caramelos. O envío de arte a través do correo era unha vía para manter relación co exterior e as persoas que estaban en liberdade.⁷³

Debido a gran concentración de xaponeses, instrutores dunha gran variedade de tipos de música puideron chegar a máis xente, a moitos por primeira vez. Estes internos contaban con moito tempo libre, polo que as clases ou actividades organizadas eran unha opción para moitos, á vez que lles permitía desconectar da realidade na que estaban a vivir. Ante a ausencia de películas, se ben é certo que posteriormente foi introducíndose a organización de visionados, o arte escénico tivo certo desenvolvemento con xéneros tradicionais que se estaban perdendo de maneira previa ao internamento. Entre eles o que tivo maior éxito foi o *kabuki*, xénero teatral que se caracteriza pola temática dramática, a danza tradicional e os vestiarios elaborados. Outras formas escénicas predominantes entre as comunidades evacuadas foron a danza clásica xaponesa e instrumentos tradicionais como o *koto* ou *shakuhachi* que se elaboraban nos propios campos aproveitando os materiais dispoñibles.⁷⁴

A política da WRA era americanizar aos xaponeses americanos e para iso utilizaron a música creando departamentos musicais en cada campo, ofrecendo leccións de piano, violín ou coro. Aínda que estas actividades estaban orientadas aos issei polo seu apego a

⁷² Jane Dusselier, *Artifacts of Loss: Crafting Survival in Japanese American Concentration Camps* (Nueva Jersey: Rutgers University Press, 2008), 36.

⁷³ Dusselier, *Artifacts of Loss*, 102.

⁷⁴ Minako Waseda, “Extraordinary Circumstances, Exceptional Practices: Music in Japanese American Concentration Camps”, *Journal of Asian American Studies* 8, no. 2 (2005), 180-184, doi: 10.1353/jaas.2005.0044

tradición xaponesa, a maioría dos participantes eran nisei. Outra vía de asimilación cultural apoiada pola WRA foi a música jazz que gozaba de gran éxito dentro dos campos, chegando a formarse bandas de músicos. Os membros destas bandas percibían salarios pagados pola WRA: a banda de George Igawa cobraba 12 dólares ao mes, mentres que o grupo *Down Beat* recibía 14 dólares ao mes máis un extra por cada actuación. A música foi un mecanismo que permitiu as autoridades controlar os pensamentos e comportamentos dos internos, xa que de certa forma era unha vía para reducir o estrés e a ansiedade, á vez que promovía a socialización e cohesión entre a comunidade mantendo a esperanza dun futuro mellor.⁷⁵

2.5 Peche e saída dos campos

Unha vez que os gastos dos campos tornáronse demasiado elevados, iniciouse unha política de reasentamento. En outubro de 1942, a *War Relocation Authority* regulou os permisos para saír dos campos. Definíronse así 3 tipos de permisos: o permiso de curta duración que permitía aos internos deixar o campo por un curto período de tempo para atender asuntos persoais, o permiso temporal que permitía aos internos abandonar o campo durante un período relativamente curto para desempeñar algunha labor agrícola e o permiso indefinido que permitía aos internos abandonar o campo para aceptar unha oferta de traballo nunha comunidade que os aceptase. Porén, o feito de que o FBI tivera que revisar todos os antecedentes de cada petición obstaculizou moito o proceso e tan só 193 internos abandonaron o campo dun total de 2.200 peticións.⁷⁶ Os xaponeses axudaron a solucionar os problemas de emprego patentes no país, mais non foron ben recibidos polos seus compañeiros de traballo e demais habitantes. Moitos retornaron aos campos alegando que os estadounidenses aínda non estaban capacitados para aceptalos como compatriotas.⁷⁷

O director da WRA, Dillon Myer, anunciou en outubro de 1944 que os xaponeses evacuados terían permiso para volver a costa oeste antes de que rematara a guerra. Mais moitos internos non estaban seguros da volta aos seus lugares de residencia porque

⁷⁵ Waseda, "Extraordinary Circumstances", 197-199.

⁷⁶ Muller, *American Inquisition*, 31.

⁷⁷ Weglyn, *Years of Infamy*, 102.

venderan as súas casas, vehículos, mobles e demais propiedades antes da evacuación. Os dous campos de concentración de Arkansas foron os primeiros en pechar: Jerome en xullo de 1944 e Rohwer en novembro de 1944.⁷⁸

Ante a situación de incerteza, certos individuos aproveitáronse da situación e trataron de estafar aos seus propios compañeiros. Coa promesa dun crédito por parte do goberno de ata 5.000 dólares por cabeza para crear comunidades agrícolas, trataban de convencer aos xaponeses de que esperasen para saír dos centros. Mais esta axuda non era oficial e non estaba contrastada.⁷⁹

O comando de defensa da costa oeste notificou aos evacuados a existencia de 3 grupos de internos: o grupo libre para residir en calquera parte dos Estados Unidos, o grupo considerado como potencialmente perigoso e, polo tanto, excluído dos estados das costas este e oeste e o grupo de persoas cuxa situación estaba sen determinar. O goberno encargábase dos custos de transporte e pagaba 25 dólares por cabeza no momento en que alcanzaran os seus destinos coas condicións de que cada familia ou individuo presentase un plan de como esperaba vivir e onde tiña pensado traballar. Para que se outorgase esta axuda, a WRA tiña que aprobar o plan de cada familia ou individuo.⁸⁰

Un especial do *Granada Pioneer*, periódico do centro de internamento de Granada, do 17 de decembro de 1944 informaba acerca do fin da orde de exclusión da costa oeste, efectiva dende o 2 de xaneiro de 1945. Tamén especificaba que os centros estarían activos por un período de entre 6 e 12 meses dende o 2 de xaneiro.⁸¹

Os internos que mellores opcións tiñan para voltar a costa oeste eran os propietarios de granxas que as mantiveron mediante o seu alugamento durante o internamento. Pero incluso nestes casos, moitos contratos foran renovados para o ano 1945 antes de que se anunciase o fin da evacuación. Outro grupo eran aqueles xornaleiros que traballaban por día como limpadores ou xardineiros, pero contaban co problema da vivenda xa que non

⁷⁸ Chang, *Morning Glory*, 373.

⁷⁹ Chang, *Morning Glory*, 409.

⁸⁰ Chang, *Morning Glory*, 411-413.

⁸¹ Chang, *Morning Glory*, 387.

tiñan onde residir e por suposto, non tiñan a capacidade económica para pagar unha estancia.⁸²

3. Vida posterior

A maioría de individuos que abandonaban os campos facíano para trasladarse a áreas do país na que non vivían con anterioridade a guerra debido a prohibición que aínda se mantivo ata xaneiro de 1945 de retornar as zonas de exclusión impostas pola WRA. De feito, tan só un 25% volveu ao lugar de residencia previo ao estalido da guerra e a evacuación. Mais isto non impediu que houbera unha gran tendencia de retorno a costa oeste tras varios anos en cidades do este e do medio oeste a pesares de recibir mellor trato nestas áreas.⁸³

Os xaponeses americanos foron avisados polas autoridades acerca do perigo que supoñía acercarse a outros membros da comunidade, mais a unión foi inevitable debido a hostilidade por parte da maioría branca. Os centros relixiosos volveron abrir, funcionando como aglutinadores duns individuos que, ante o proceso de reasentamento, buscaban apoio en aqueles que estaban na súa mesma situación. A JACL tamén funcionou como elemento de unión, constituíndo ou reformando seccións que defendían os dereitos políticos dos xaponeses americanos e organizaban eventos sociais.⁸⁴

O Congreso aprobou a *Evacuation Claims Act* en 1948 que permitía aos xaponeses americanos presentar reclamacións ao goberno. Mais esta lei tan só cubría as perdas ocasionadas pola evacuación e non incluía a destrución de libros, cartas ou obxectos de decoración que os xaponeses realizaron tras o ataque a Pearl Harbor por medo de que fora utilizado polas autoridades como proba da deslealdade aos Estados Unidos.⁸⁵ Foi aprobada demasiado tarde para axudar a moitos internos xa que moitos rexistros

⁸² Chang, *Morning Glory*, 412.

⁸³ Stephen Fugita e Marilyn Fernández, *Altered Lives, Enduring Community: Japanese Americans Remember Their World War II Incarceration* (Seattle: University of Washington Press, 2004), 116.

⁸⁴ Greg Robinson, *After Camp: Portraits in Midcentury Japanese American Life and Politics* (Berkeley: University of California Press, 2012), 46.

⁸⁵ Donna K. Nagata, *Legacy of Injustice: Exploring the Cross-generational Impact of the Japanese-American Internment* (Nueva York: Plenum Press, 1993), 19.

financeiros foron perdidos ou destruídos cando os internos se viron obrigados a abandonar os seus fogares. Tampouco axudo o feito de que para 1948, o goberno destruíra declaracións de impostos dos anos previos a entrada dos EEUU na guerra mundial.⁸⁶

Lawrence Davies, nun artigo do *New York Times* de febreiro de 1948, sintetiza a volta dos xaponeses as súas casas en 3 fases sucesivas: as hostilidades e uso da violencia nalgunhas áreas, a aceptación cun entusiasmo publicitado e finalmente a aceptación con apatía. Como resultado, provocou cambios no patrón de traballo dos nisei, na dispersión xeográfica e na aparición de certa delincuencia xuvenil inexistente na época de entreguerras.⁸⁷

Na década de 1960, os nisei xa tiñan 30 e 40 anos de idade con fillos que comezaban a entrar nos anos da adolescencia. Establecéranse como traballadores de clase media e reconstruíran a súa comunidade con barrios étnicos en cidades como Los Ángeles, San Francisco e San José. A partir de 1970 comezouse a buscar compensación polas perdas durante a evacuación, unha actitude contraria ao silencio e estigma que se creara durante o reasentamento.⁸⁸

3.1 Xuízos

Entre o conxunto dos xaponeses americanos, só 3 xoves nisei resistíronse a acatar o toque de queda e as ordes de exclusión impostas polo exército que precederon ao internamento. Gordon Hirabayashi, Fred Korematsu e Minoru Yasui foron condenados por tribunais, decisións ratificadas polo tribunal supremo, e non sería ata a década de 1980 cando a xustiza lles dera a razón. Centraremos nos casos de Hirabayashi e Korematsu.

Para entender a vitoria xudicial de 1980 é pertinente explicar o proceso por *coram nobis*. O *coram nobis*, termo latino que significa erro cometido nos procedementos previos a nós, non foi utilizado apenas na lei estadounidense, pero é unha das coñecidas como antigas ordes xudiciais que teñen a súa orixe na *common law* inglesa. O *habeas corpus* e

⁸⁶ Karen Alonso, *Korematsu v. United States: Japanese-American Internment Camps* (Nueva Jersey: Enslow Publishers, 1998), 97.

⁸⁷ Gary Okihiro e Julie Sly, “The Press, Japanese Americans, and the Concentration Camps”, *Phylon* 44, no.1 (1983): 76, doi: 10.2307/274370.

⁸⁸ Fugita e Fernández, *Altered Lives*, 203-205.

o *coram nobis* son análogas: a primeira afecta a aqueles que están en custodia a diferenza da segunda que tan só concirne aos que xa foron liberados despois da condena. Tan só se pode recorrer a este ordenamento xurídico se os fiscais retiveron información e as posibilidades de saír vitorioso nun caso así redúcense a aqueles que podan probar unha mala conducta obvia por parte do goberno.⁸⁹

O feito que habilitou este proceso foi o descubrimento a comezos dos anos 80 do borrador orixinal do informe final da evacuación que escribiu John DeWitt en 1942. Esta versión especificaba que a exclusión en masa fora a única alternativa debido a falta de tempo pola situación de emerxencia, a diferenza da versión final na que se consideraba que era imposible, segundo informes oficiais do exército, separar os leais dos desleais entre os xaponeses americanos a causa da súa deslealdade como grupo. A aparición deste borrador contradecía a versión oficial e, polo tanto, invalidaba os motivos tras o proceso de evacuación e encarceramento.⁹⁰

3.1.1 Gordon Hirabayashi

O 24 de marzo de 1942, estableceuse un toque de queda entre as 20:00 e 6:00 para todos os inimigos estranxeiros, alemáns, italianos e xaponeses, pero tamén incluía aos cidadáns que tiveran orixe xaponesa. Ante esta orde, Gordon Hirabayashi non entendía porque os nisei tamén estaban incluídos na prohibición e decidiu protestar ante a mesma estudando na biblioteca da súa universidade pasadas as oito da noite. Nunca foi arrestado nin tivo maior problema, mais esta decisión mostra a súa oposición decidida ante o proceso de internamento. Tras incumprir o toque de queda chegou a seguinte conclusión: para manterse fiel a si mesmo e coherente cos seus pensamentos debía resistirse a orde de evacuación. No momento en que comunicou a decisión a súa familia, esta pediulle que deixara a un lado os seus principios e se mantivese unido nunha situación tan delicada.⁹¹

O 16 de maio de 1942, último día para rexistrarse no centro máis próximo, Gordon Hirabayashi e o seu representante legal, Arthur Barnett, acudiron ao FBI para informarlles

⁸⁹ Peter Irons, *Justice Delayed: The Record of the Japanese American Internment Cases* (Middletown: Wesleyan University Press, 1989), 7.

⁹⁰ Gordon Hirabayashi, *A Principled Stand: The Story of Hirabayashi v. United States*, ed. James Hirabayashi e Lane Ryo Hirabayashi (Seattle: University of Washington Press, 2013), 181.

⁹¹ Hirabayashi, *A Principled Stand*, 56-60.

acerca da decisión de Hirabayashi. Ante isto, foi levado a varios centros de rexistro co obxectivo de que firmase o cuestionario, mais Gordon mantívose firme na súa decisión, sendo posteriormente escoltado a cárcere federal de King County. Debido ao rexistro que fixeron das súas pertenzas, o incumprimento do toque de queda foi deixado por escrito no seu diario, añadiendo o cargo de violación do toque de queda ao cargo de violación da orde de exclusión. Días despois, nunha audiencia preliminar, estableceuse a liberación e traslado ao *assembly center* de Puyallup baixo unha fianza de 5.000 dólares. O avogado de Hirabayashi solicitou un recurso de supresión da condena afirmando que como cidadán norteamericano debía recibir os beneficios de selo e, en consecuencia, debería ser liberado de inmediato.⁹²

O xuízo comezou o 20 de outubro de 1942 con Frank Walters como avogado defensor, quen baseou a súa defensa na violación da quinta enmenda que supuxo a orde de exclusión, pois Hirabayashi nunca foi acusado de espionaxe e sabotaxe, os motivos principais para a exclusión. Tamén tratou de convencer ao tribunal de que o acusado fora desprovisto dos seus dereitos de liberdade e propiedade sen ningún proceso xudicial, mentres que as ordes e proclamacións do proceso de internamento eran inconstitucionais. O xuízo tan só durou un día, suficiente para que o xuíz declarase ao acusado como culpable dos cargos cunha sentenza de 30 días pola violación do toque de queda e outros 30 días pola violación da orde de exclusión.⁹³

O caso foi trasladado ao tribunal supremo, onde Hirabayashi esperaba que este declarara o toque de queda e o encarceramento como inconstitucional. Mais o xurado declarouno culpable por unha decisión unánime de 8-0. O xuíz finalmente permitiu que Hirabayashi fose liberado no estado de Washington, na cidade de Spokane, situada fóra da área restrinxida. Unha cidade que foi destino de moitos xaponeses americanos aos que non lles convencía a idea de mudarse ao este e querían manterse na costa oeste. No verán de 1943, a pesares de encontrarse en Spokane, Hirabayashi aínda tiña que cumprir 90 días da súa sentenza, os cales cumpriu nas cárceres de Santa Catalina e Pima County.⁹⁴

⁹² Hirabayashi, *A Principled Stand*, 66.

⁹³ Hirabayashi, *A Principled Stand*, 124-126.

⁹⁴ Hirabayashi, *A Principled Stand*, 135-137.

En xaneiro de 1983, Fred Korematsu, Minoru Yasui e Gordon Hirabayashi anunciaron a súa intención de pedir un escrito de erro *coram nobis*. No caso de Hirabayashi, a decisión do toque de queda foi revogada, mais a condena da exclusión afirmouse. Esta última decisión foi apelada e finalmente o sistema xudicial estadounidense deulle a razón a Hirabayashi en 1988.⁹⁵

3.1.2 Fred Korematsu

Fred Korematsu foi condenado por incumprir a *Public Law 503* xa que se mantivo na área militar despois de que o exército anunciara que os xaponeses americanos tiñan que abandonar a zona. A apelación chegou ata a corte de apelacións dos Estados Unidos do chamado como noveno círculo, denominación que facía referencia a rexión da costa oeste. No caso xudicial, o goberno tan só acusaba a Korematsu de encontrarse na área militar despois da fecha sinalada polo exército. Polo tanto, non foi acusado de incumprir o internamento, evitando que unha revogación da condena puidera supoñer o fin dun programa que o goberno consideraba como fundamental para o éxito na guerra.⁹⁶

A decisión foi contraria a Fred Korematsu por 6-3. Os motivos polos que os xuíces o sentenciaron como culpable foron os seguintes: a lei era necesaria para defender a costa oeste e tiña gran relación coa prevención de espionaxe e sabotaxe; calquera decisión tomada durante unha guerra tiña que ser posta en contexto, podendo producirse decisións desagradables; o proceso de internamento estaba dividido en tres partes e Korematsu só incumpriu a evacuación, polo tanto a maioría do tribunal non realizou comentarios sobre a adecuación do internamento.⁹⁷

Porén, os 3 xuíces que votaron a favor do acusado diferían destes argumentos: as ordes sobre os xaponeses americanos non eran independentes e tiñan a intención de rematar na detención; a lei marcial non fora declarada, polo que había que establecer límites ao exército e non consentir decisións que foran en contra da Constitución e se estableceran

⁹⁵ Hirabayashi, *A Principled Stand*, 182.

⁹⁶ Alonso, *Korematsu*, 46-51.

⁹⁷ Alonso, *Korematsu*, 71.

en base a suposicións cuestionables; a distinción realizada entre os estranxeiros estaba baseada na raza, prohibido pola Constitución.⁹⁸

En xaneiro de 1983 púxose en marcha a petición de *coram nobis*. Unha petición que para Dale Minami, avogado que formou parte do equipo legal de Fred Korematsu, tiña gran importancia para a comunidade xaponesa americana porque a simpatía e o perdón non eran suficientes, senón que tamén estaban a pedir a xustiza que lles fora denegada 40 anos.⁹⁹ Finalmente, a condena de Korematsu foi anulada, corrixindo a xustiza o erro realizado no momento da condena.

3.2 Compensacións: Civil Liberties Act de 1988

Para a década de 1970, os xaponeses americanos estaban asentados economicamente, mais non contaban coa convicción e entrega suficiente como para loitar nunha campaña de desgaste contra o goberno, xa que a experiencia de internamento era vista con vergoña e desgusto, como un tema que era mellor non mencionar. Un dos primeiros momentos onde a comunidade se xuntou con motivo do internamento foi o día de conmemoración en novembro de 1978, un desfile ao que asistiron ata 2.000 persoas, dirixido cara o *assembly center* de Puyallup.¹⁰⁰

Os principais líderes do movemento pola compensación foron os nisei máis xoves. Debido a súa escasa idade durante a experiencia de encarceramento, foron os que menos perderon tanto material como psicolxicamente e, en consecuencia, unha vez que creceron e maduraron, a súa relación con respecto a experiencia puido separarse con maior facilidade da desgracia persoal e ser recordada como unha afronta aos principios da xustiza.¹⁰¹

O 19 de febreiro de 1976, exactamente 34 anos despois da publicación da *Executive Order 9066*, o presidente Gerald Ford rescindiu dita orde mediante a firma da proclamación presidencial nº 4417, recoñecendo oficialmente o erro realizado coa evacuación e o

⁹⁸ Alonso, *Korematsu*, 76.

⁹⁹ Irons, *Justice Delayed*, 15.

¹⁰⁰ Leslie Hatamiya, *Righting a Wrong: Japanese Americans and the Passage of the Civil Liberties Act of 1988* (Stanford: Stanford University Press, 1993), 133.

¹⁰¹ Hatamiya, *Righting a Wrong*, 135.

encarceramento (véxase Apéndice, imaxe 5). A pesares de que Harry Truman suprimiu a orde en 1946, nunca se realizara unha proclamación oficial. A partir deste primeiro paso, cada vez máis xaponeses apoiaron o proceso de compensación, incrementouse o número de visitas aos campos e comezáronse a celebrar días de recordo polas vítimas.¹⁰²

En xullo de 1981 creouse a *Commission on Wartime Relocation and Internment of Civilians* (CWRIC), comisión que contaba con varios obxectivos: revisar as circunstancias que levaron a evacuación e o impacto da mesma nos xaponeses, investigar os directivos das forzas armadas que xestionaron os internamentos e recomendar solucións apropiadas. Tras celebrar audiencias por todo o país, a CWRIC concluíu que a evacuación non foi xustificada por necesidades militares e que as decisións que seguiron non estiveron fundamentadas en consideracións militares. A maiores, recomendaba aprobar unha resolución conxunta do Congreso e do presidente na que se recoñecera a inxustiza perpetrada e pedira perdón, establecer un fondo que promovera a investigación e as actividades didácticas e remunerar, mediante un único pago de 20.000 dólares, a cada un dos superviventes.¹⁰³

A labor da comisión provocou un cambio na comunidade xaponesa americana: se ben nun principio a comunidade era apática sobre a causa da compensación e incluso os que a apoiaban tiñan poucas esperanzas do seu éxito, as audiencias que tiveron lugar axudaron a liberar sentimentos reprimidos durante décadas e xerar un compromiso pola campaña.¹⁰⁴

Ante a publicación das recomendacións que a CWRIC propuxo sobre as compensacións dos xaponeses americanos, John McCloy, secretario asistente de guerra durante o internamento e un dos principais responsables da toma de decisións, opinaba que as propostas eran inxustas para todos aqueles que sufriron o ataque de Pearl Harbor e non foran compensados, engadindo a sorte que tiveron os xaponeses americanos de ser desprazados porque, segundo el, sufriron menos que o resto da sociedade estadounidense.¹⁰⁵

¹⁰² Nagata, *Legacy of Injustice*, 191.

¹⁰³ Nagata, *Legacy of Injustice*, 192.

¹⁰⁴ Hatamiya, *Righting a Wrong*, 93.

¹⁰⁵ Irons, *Justice Delayed*, 19.

En 1983 introduciuse a idea de aprobar unha lei para a compensación económica na cámara dos representantes. Mais non foi ata 1987, co apoio fundamental de grandes líderes xaponeses americanos, cando se aprobou a lei na cámara dos representantes e ao ano seguinte no senado.¹⁰⁶ O 10 de agosto de 1988, o presidente Ronald Reagan firmou a *Civil Liberties Act*. Mediante esta lei se recoñecía a grave inxustiza cometida, a falta de motivos suficientemente fortes para levar a cabo o internamento, proveíase unha restitución para os internos que aínda se mantiñan con vida e se establecía un fondo público para educar e recordar o acontecido. Cabe mencionar que Ronald Reagan valorou vetar a lei xa que suporía un coste de 1.200 millóns de dólares. A lei prometeu 20.000 dólares para cada prisioneiro que estivese vivo, arredor duns 60.000.¹⁰⁷

En 1989, un programa de pagamento foi establecido para realizar os pagos entre 1991 e 1993. Porén, houbo un erro no cálculo dos beneficiarios: o número ascendía ate case os 80.000, 20.000 máis dos que se calculara inicialmente. Polo tanto, era necesario aprobar un novo presuposto. O senador demócrata Daniel Inouye propuxo un novo programa fiscal con punto de partida en 1991 e co obxectivo de rematar ao final do ano fiscal de 1993, sendo distribuído a razón de 500 millóns por ano e os 250 millóns restantes pagados en 1993. O seu plan foi aprobado polo congreso en novembro de 1989, parte dun conxunto de medidas dos departamentos de comercio, xustiza e estado que ascendía aos 17 mil millóns de dólares.¹⁰⁸

En 1993, a gran maioría das compensacións da *Civil Liberties Act* foran pagadas, polo que a atención trasladouse ao fondo de educación pública. O presuposto para o ano fiscal de 1994 incluía 5 millóns para o fondo, mais o inmenso déficit federal do momento impediu que se asignara ningunha cantidade ao fondo. Finalmente, en xaneiro de 1996 Bill Clinton designou unha xunta de directores liderada por Dale Minami, avogado de Fred Korematsu na década de 1980. Estableceuse desta maneira o primeiro paso para a creación do *Civil Liberties Public Education Fund* e a consumación das medidas acordadas en 1988.¹⁰⁹

¹⁰⁶ Nagata, *Legacy of Injustice*, 193.

¹⁰⁷ Alonso, *Korematsu*, 105.

¹⁰⁸ Hatamiya, *Righting a Wrong*, 181-185.

¹⁰⁹ Hatamiya, *Righting a Wrong*, 189.

Conclusión

A xestión dunha situación bélica non é doada, e menos nun caso coma este no que a entrada na guerra prodúcese a consecuencia dun ataque directo. Mais estar no decurso dunha guerra é xustificación para violar os dereitos dunha comunidade enteira de cidadáns?

Tras a chegada dun gran número de xaponeses a comezos do século XX, comezou a xurdir a propaganda anti-xaponesa que provocou na poboación do país un sentimento de medo ante a suposta ameaza que supoñían. Os xaponeses trataron de integrarse na cultura estadounidense, renegando cada vez máis da súa, pero remataron por converterse nunha comunidade illada e rexeitada dentro da sociedade americana. Non é de estrañar que tras o acontecido en Pearl Harbor, este rexeitamento xaponés non tardara en manifestarse. O lobby comercial da costa oeste e a prensa exerceron presión de maneira inmediata ao goberno para que tomara medidas contra os xaponeses que residían no país e protagonizaron un rol esencial para cultivar, aínda máis, o odio e o racismo no colectivo. De pouco serviron as comisións que negaban mediante probas a sabotaxe ou colaboración dos xaponeses americanos ou a posición contraria a evacuación do FBI e do departamento de xustiza, xa que a decisión xa estaba tomada.

A pesares de desenvolver un proceso claramente coercitivo das liberdades con toques de queda, prohibición de circulación, a orde de evacuación e o definitivo internamento nos campos de concentración, dende o goberno promoveuse unha imaxe ben distinta dos feitos, pois os campos eran descritos como lugares fértiles e prósperos, cando na realidade o cultivo de alimentos era unha tarefa practicamente imposible, e a denominación dos mesmos respondeu a un intento por facer de menos o internamento, sendo nomeados como *relocation centers* e prohibindo o uso do termo campos de concentración.

Estes campos non estaban acondicionados para albergar o continxente de individuos que foi evacuado dende a costa oeste, pois as barracas nas que residían os xaponeses estaban sen rematar e moitas non contaban cun mínimo de mobiliario, de privacidade ou de protección fronte as condicións climáticas. A organización tampouco era competente, con longas ringleiras de espera para acceder a calquera servizo, dende a alimentación nos

comedores ata o servizo de correspondencia. Porén, ante a adversidade, moitos xaponeses americanos uníronse para tratar de mellorar a situación do colectivo mediante a posta en marcha de escolas para os nenos e adolescentes, de hortas comunitarias que transformaron a paisaxe e permitiron aos internos aprovisionarse de vexetais de maneira autosuficiente e de festividades e celebracións que puidesen, por momentos, facer esquecer o que estaban a sufrir.

Mais o esforzo colectivo non podía ocultar a realidade e as graves consecuencias que tivo para os afectados. Como xa vimos, moitas familias quebráronse con fillos que perderon o respecto polos seus pais xa que eles mesmos ou os seus irmáns maiores tiñan máis dereitos dentro dos campos, votar ou ser elixidos nos consellos por exemplo. Os issei eran considerados como desleais por ser estranxeiros pero eran estranxeiros porque non lles estaba permitido nacionalizarse, unha conxuntura que dificultou o entorno familiar. Tamén hai que ter en conta a gran cantidade de tempo libre co que contaban os encarcerados, que supuxo unha ameaza para o seu benestar emocional e saúde mental debido a sensación de desesperación ou ansiedade. A depresión chegou a ser tan común entre os internos que moitas enfermidades eran confundidas e diagnosticadas como melancolía. A correspondencia do matrimonio Matsushita, citado anteriormente, reflexa ben o dano psicolóxico sufrido polos evacuados.

Unha vida dentro dos campos que Yamato Ichihasi definía da seguinte maneira no seu diario:

Such an artificial and unnatural society may be a noble experiment, but in my humble judgment nothing normal to human life can be expected in it; no progress in any direction can be hoped for; in fact, the residents have already become an abnormal people.¹¹⁰

Unha vez reasentados e en liberdade, seguiron a recibir insultos e actitudes hostís, como a prohibición da entradas en comercios ou a discriminación laboral, feitos que se concentraron sobre todo na costa oeste. A histeria colectiva seguía presente a pesares do fin da guerra, con decenas de denuncias por terrorismo contra xaponeses americanos. Se a actitude da sociedade non era suficiente, tiveron moitos problemas para recuperar o seu

¹¹⁰ Chang, *Morning Glory*, 216.

nivel de vida preinternamento con ofertas de traballo escasas e gran falta de vivendas dignas.

Os códigos morais propios da cultura xaponesa evitaban a exteriorización das emocións e sentimentos, polo que as primeiras reivindicacións tardaron en chegar e non apareceron ata finais dos anos 70, momento no que a segunda e terceira xeración de xaponeses iniciaron un proceso de reivindicación do acontecido que culminou coa compensación oficial por parte do goberno en 1988. Un perdón oficial que non escapou ao debate interno por mor dunha liña dura, influenciada por figuras partícipes do internamento e aínda con gran peso nas esferas de poder, que propugnaba por non recoñecer un erro que non consideraban como tal.

As compensacións oficias tiveron gran importancia porque permitiron que a comunidade xaponesa americana, afectada por un trauma froito da experiencia do internamento, mais tamén consecuencia da posta en dúbida da súa identidade estadounidense e da sensación de abandono por parte do seu propio país, puidese finalmente pechar as feridas.

Apéndice


Imaxe 1: Debuxo do *assembly center* de Tanforan realizado por Miné Okubo.

Fonte: Okubo, *Citizen 13660*, 48.



Imaxe 2: Mapa dos campos de concentración

Fonte: Fukuda, *My Six Years of Internment*, xi.



Imaxe 3: Peza artística elaborada mediante a técnica de *kobu*

Fonte: Dusselier, *Artifacts of Loss*, 49.



Imaxe 4: Reprodución en miniatura dun bonsai mediante a técnica de *bon-kei*.

Fonte: Dusselier, *Artifacts of Loss*, 88.



Imaxe 5: Proclamación presidencial nº 4417 firmada por Gerald Ford

Fonte: Gerald Ford, “Proclamación presidencial nº4417”, 20 de febrero de 1976, Gerald R. Ford Presidential Library, National Archives, College Park.

